

CONSTANTINO GARCÍA, mestre. In memoriam
(1927-2008)

Acábanos de deixar Constantino García, catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela, académico numerario da Real Academia Galega, académico correspondente da Real Academia Española, investigador e difusor da lingua galega. O pasado 23 de outubro de 2008 foise caladamente un bo e xeneroso, sen facer ruído, como o fan os que non necesitan grandes parafernalias, pero que deixan un campo sementado que seguirá dando froito e que magnificará a súa obra no devir do tempo futuro.

Un asturiano formado en Madrid e en Alemaña

Constantino García González naceu en Oviedo o 20 de setembro de 1927. Realizou os estudos de licenciatura en Filoloxía Románica na Universidade de Oviedo e os de doutoramento na Universidade Complutense de Madrid onde presentou a súa tese titulada *Ideas Lingüísticas en España durante el siglo XVI*, dirixida por Rafael Balbín.

Desde 1951 foi, primeiro, bolseiro e, máis tarde, colaborador no Instituto de Filología Hispánica do Consejo Superior de Investigaciones Científicas e do Comité de Latín Medieval do mesmo organismo. Traballou na Sección de Estudios Gramaticais do mencionado Instituto, sobre todo en temas relacionados coa materia da súa tese. Froito deste traballo é a súa obra *Contribución a*

Estudis Romànics [Institut d'Estudis Catalans], Vol. 32 (2010), p. 619-675

los estudios gramaticales. La aportación de El Brocense, merecedora do premio nacional de investigación Antonio Nebrija en 1958, e que foi publicada como anexo da *Revista de Filología Española*. Realizou tamén un *Estudio sobre la Gramática de Villalón*, libro que publicou o Consejo Superior de Investigaciones Científicas en 1971. Deste período de investigación son tamén as súas obras *Índice de las 'Peregrinaciones' de Lacarra, Vázquez de Parga e J. Uría*, *Índice de la Biblioteca de Traductores de Menéndez Pelayo* e *Índice de la Ciencia Española de Menéndez Pelayo*, así como varios artigos de investigación dialectolóxica asturiana que apareceron na *Revista de Archivos y Bibliotecas* e *Archivum* como é o titulado «Trobo, truébano, trubiecu».

De 1953 a 1959 foi profesor axudante das Cátedras de Gramática Xeral e Gramática Histórica da Lingua Española e encargado do Seminario de Filoloxía Románica da Universidade de Madrid; nesta época ten tamén ao seu cargo varios cursos de lingua española para estranxeiros na mesma Universidade e na de Santander. Tamén nese período foi colaborador do Seminario Menéndez Pidal onde traballou con D. Ramón Menéndez Pidal e con D. Rafael Lapesa na elaboración dun glosario do español primitivo, que non aparecería publicado ata o ano 2003, co título *Léxico hispánico primitivo (siglos VII al XII)*, nunha edición preparada por Manuel Seco, cando xa Constantino García se encontraba enfermo.

No curso 1959-60 foise como lector de español á Universidade de Bonn onde traballou cos mestres da Filoloxía Románica Harri Meier e Eugenio Coseriu. Durante a súa estada en Alemaña deu conferencias en varias Universidades alemás, asistiu a diferentes congresos celebrados en países centroeuropeos e publicou varios traballos sobre lingüística e literatura en revistas alemás como *Romanische Forschungen* e *Archiv für das Studium der Neueren Sprachen und Literatur*. Desta época son, entre outros, os seus traballos publicados en España «Literatura española traducida en Alemaña», en *Filología moderna*, 1963; «Interpretación o historia literaria», en *Revista de Literatura*, 1967.

A súa chegada á Universidade de Santiago

En 1965 chega á Universidade de Santiago de Compostela este catedrático novo de Filoloxía Románica, con ganas de traballar e con vocación de integrarse na cultura galega, e que ao pouco tempo ía desencadear unha verdadeira revolución nos estudos sobre a lingua galega. A incorporación deste catedrático formado en Alemaña, con ideas novas, significou unha bocada de aire fresco na USC. Era unha persoa próxima aos seus alumnos, amante do diálogo. Os seus discípulos consideraban un verdadeiro privilexio poder traballar con el porque ao seu redor respirábase un clima de liberdade, de amizade, de espírito de colaboración, de traballo en equipo, equipo do que el se consideraba un membro máis. As saídas na súa compañía a facer enquisas dialectais a distintos puntos de Galicia quedan no recordo de todos cantos tiveron a sorte de participar. Preocupábase de que os seus colaboradores entrasen en contacto coas figuras máis relevantes da lingüística románica do momento, tanto de España coma doutros países. Todo isto era relativamente insólito na Universidade de Santiago daquela época.

Nesta Universidade ocupou os cargos de Secretario da Facultade de Filosofía e Letras durante sete anos e o de decano da Facultade de Filoloxía en varios períodos. Foi director do Secretariado de Publicacións da Universidade e director dos Cursos de Verán da USC. Aínda que non chegou nunca a dirixilos, foi tamén o principal impulsor da creación dos Cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros. O seu compromiso coa USC non lle impediu exercer a docencia en varias ocasións como profesor visitante na Universidade de Colonia.

Froito do seu labor na Cátedra é a dirección de máis de cento cincuenta Memorias de Licenciatura (delas o setenta e cinco por cento sobre temas galegos) e dunhas corenta Teses de Doutora-

mento, a maioría sobre temas galegos. Discípulos seus son moitos dos actuais profesores da Facultade de Filoloxía, pero tamén un gran número de catedráticos e profesores de Ensino Medio.

Foi o primeiro catedrático que utilizou a lingua galega nun discurso de apertura de curso na Universidade de Santiago no ano 1977, que publicou baixo o título de *Galego onte, galego hoxe* (Universidade de Santiago).

Dirixiu o manual de Lingüística Románica en 6 volumes, que editou a Universidade Nacional de Educación a Distancia, obra de grande utilidade aínda hoxe para todo aquel que queira introducirse nos principais problemas da Lingüística Románica.

O impulsor do Instituto da Lingua Galega

Foi o ideador do Instituto da Lingua Galega, que empezou a funcionar no ano 1971, e o seu primeiro director. Desde este posto impulsou a implantación do estudo do galego nas etapas do Ensino Medio e Básico organizando numerosos cursos intensivos de lingua galega para mestres e profesores.

Á fronte dun equipo formado por Ramón Lorenzo Vázquez, Antón Santamarina Fernández, Guillermo Rojo Sánchez e Xosé Luís Couceiro Pérez redactou os métodos para a aprendizaxe da lingua galega *Galego 1*, *Galego 2* e *Galego 3*, que acadaron unha difusión realmente sorprendente para unha obra deste tipo nos primeiros anos setenta. Foron os manuais nos que nas décadas dos setenta e oitenta se iniciaron e formaron en lingua galega tanto os profesores coma os alumnos de diversos niveis do ensino.

No ano 1973 recibiu o encargo por parte dos responsables do *Atlas Linguarum Europae*, obra patrocinada pola Comisión de Lingüística da UNESCO, de realizar en Galicia as enquisas para este atlas, e con este motivo aproveitou a ocasión para poñer en marcha o *Atlas Lingüístico Galego*, que se converteu na principal obra de referencia da lingüística galega. Formou un equipo con Antón Santamarina, Francisco Fernández Rei, Manuel González González e Rosario Álvarez Blanco, que preparou un Cuestionario publicado en 1974, sobre o cal Francisco Fernández, Manuel González e Rosario Álvarez realizarían as enquisas nos 167 puntos de que consta a rede do Atlas. Non puido ver o final desta obra, pero si a publicación dos tomos dedicados ao estudo da morfoloxía verbal, da morfoloxía non verbal, da fonética, e os primeiros volumes de léxico.

No ano 1974 creou a revista *Verba, Anuario Galego de Filoloxía*, que axiña conseguiu unha importante acollida internacional tanto polo seu contido como pola calidade dos seus colaboradores, e que aínda hoxe segue sendo unha das principais revistas científicas da romanística. Con *Verba* aparece regularmente unha colección de anexos sobre temas de lingüística galega e das linguas románicas, que foi inaugurada precisamente coa súa obra *Léxico de la comarca compostelana* (1974). Como anexo desta revista publicaría tamén a súa obra *Glosario de voces galegas de hoxe*, no ano 1985.

No 1980 dirixe a realización do *Diccionario básico da lingua galega*, un dicionario infantil ilustrado, orientado cara aos nenos da primeira etapa do ensino.

É autor dun gran número de monografías e artigos sobre lingüística galega: «Orixe e problemas dos métodos de galego», *Grial*, 1971; «AMANECER en gallego», *Verba*, 1974; «A situación da lingua no ensino», *Grial*, 1974; «El sufijo -ANA en gallego», *Verba*, 1975; «Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano», *Revista Española de Lingüística*, 1976; «O atlas lingüístico galego», *Verba*, 1977; «Os estudos dialectais do galego», *Grial*, 1978; «ANOCHECER en gallego», *Verba*, 1978; «Descendientes de SERUM en gallego», *Romania Europaeae*, 1980; «Los días de la semana en gallego», *Verba*, 1980; «Los nombres gallegos de las estaciones del año», *Verba*, 1981; «Actividades do Instituto da Lingua Galega», *Actas do Coloquio de Tréveris*, 1982; «Creatividad en el habla popular», *Verba*, 1983; *Temas de Lingüística Galega* (Santiago de Compostela, 1985); «Perda do S- inicial

na fala popular», *Verba*, 1985; «Notas léxicas galegas (I)», *Verba*, 1986; «El castellano en Galicia», en *El castellano actual en las comunidades bilingües en España*, 1986; «La lengua gallega como lengua de cultura», en *Mapa lingüístico de la España actual*, 1986; «Vicisitudes históricas del desarrollo del gallego», en *Lenguas Peninsulares y proyección hispánica*, 1986; «Grilos e ralos, rans albariñas», *Actas do Congreso de Rosalía*, 1986; «A situación do galego» e «Estudios de dialectoloxía galega», en *Coloquio de Lexicografía*, 1988; «Verba», en *Romanische Forschungen*, 100 (1988); «Notas léxicas galegas (II)», *Verba*, 1989; «Os rubios galegos», en *Homenaje al profesor Luis Rubio*, I, 1989; «Derivados do latín *nebula* e outras palabras afíns no galego de hoxe», en *Homenaje a Alonso Zamora Vicente*, II, 1989; «Xornadas e xeirras», en *Cadernos da lingua* 1 (1990);

O seu labor na RAG

É elixido membro numerario da Real Academia Galega en marzo de 1982. Ao pouco tempo de ingresar nesta institución Constantino García vaise esforzar en dotala dunha estrutura orgánica máis efectiva, e pon en marcha, primeiro, o Seminario de lexicografía (do que foi director) e, máis tarde, o Seminario de sociolingüística. Na RAG ocupou os cargos de secretario adxunto e, despois, o de secretario. Dentro do Seminario de lexicografía dirixiu o *Diccionario da lingua galega* publicado conxuntamente pola RAG e o ILG no 1990, e codirixiu con Manuel González González o *Diccionario da Real Academia Galega* de 1997. Dirixiu igualmente o *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 2004) e realizou estudos particulares sobre o léxico de autores galegos, como a *Contribución ó léxico de Álvaro Cunqueiro* (RAG, 1991).

En 1990 puxo en marcha, dentro da Real Academia Galega, *Cadernos de lingua*, unha nova revista centrada fundamentalmente en temas de lingüística galega, que dirixiría ata o momento da súa morte.

Dentro do Seminario de sociolingüística promoveu a realización do *Mapa sociolingüístico de Galicia*, obra magna decisiva para o coñecemento da situación da lingua galega na sociedade, cunha mostra de máis de 38.000 enquisas realizadas no ano 1992 en todo o territorio de Galicia. Desta iniciativa publicáronse: *O galego na comarca de Ferrol* (1993), *Lingua inicial e coñecemento lingüístico en Galicia* (RAG, 1995), *Usos lingüísticos en Galicia* (RAG, 1996) e *Actitudes lingüísticas en Galicia* (RAG, 1997).

Constantino García e o Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades

Foi tamén o principal impulsor da creación no 1993 do «Centro de investigacións lingüísticas e literarias Ramón Piñeiro», que máis tarde cambiaría o seu nome polo de «Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades», institución dependente da Xunta de Galicia da que foi o primeiro coordinador científico.

As tres seccións nas que se estrutura o centro (lingüística, literatura e antropoloxía) centran o seu esforzo na construción de grandes recursos que sirvan de axuda a diversos equipos de investigación (bibliografía de lingüística galega, corpus de referencia do galego actual, corpus do latín galaico, base de datos de fraseoloxía galega, corpus de literatura medieval, informe anual de literatura galega etc.), no desenvolvemento de proxectos estratéxicos para o crecemento do galego (como os centrados na síntese de voz ou na tradución automática), e na recuperación de textos, obras e revistas de difícil acceso para os investigadores, de indubidable interese para coñecer a historia da cultura galega tanto en Galicia como nos países en que a emigración galega tivo unha

importante presenza. Constantino García dirixiu con man mestra o temón deste Centro ata o ano 2002, e desde el impulsou a creación da *Revista galega do ensino*, de carácter didáctico divulgativo e destinada especialmente ao mundo escolar. Grazas ás bases sólidas de que o dotou Constantino García, este Centro leva publicadas neste momento máis de 160 obras.

Difusor da lingua galega

Constantino García salientou tamén noutro aspecto que pode parecer menos científico, pero que revelaba a importancia que lle daba á difusión xeneralizada do coñecemento sobre a lingua galega en todas as capas sociais. Consideraba que o compromiso consciente coa lingua debía ser consecuencia dun coñecemento previo desta e do seu significado no momento presente e na historia da sociedade que a fala. De aí a súa teima por formar todas as capas sociais no coñecemento e no amor á súa lingua. A este labor dedicou moitos esforzos como columnista no xornal *La Voz de Galicia*, como mestre de lingüística galega a través das ondas das emisoras de radio, ou como director do programa *Cousas da lingua* na Televisión Galega. Algunha destas colaboracións recolleunas nos seus libros *Recantos da lingua* (1983), *Follas da lingua* (1987), *Retrincos da lingua* (1988) e *Cousas da lingua* (1990).

Don Constantino, como o coñeciamos todos os seus discípulos, foi bo pola bondade da súa obra, porque infundiou zume novo na Universidade Galega, porque creou o ILG, porque puxo en marcha o Centro Ramón Piñeiro, porque impulsou a modernización e funcionalidade da Real Academia Galega. Don Constantino foi bo porque sentou as bases da investigación científica sobre a lingua galega: moitas teses dirixidas, o Atlas Lingüístico Galego, o Mapa sociolingüístico Galego... Don Constantino foi bo porque comprendeu que os verdadeiros avances da investigación en xeral, e da lingua galega en particular, nunca son froito das achegas dunha persoa individual, por moi importantes que estas sexan, senón do traballo colectivo e da creación de estruturas que garantan a continuidade dos proxectos. Por iso sempre dedicou unha parte importante das súas forzas á formación de investigadores, a facilitar o desenvolvemento natural e o crecemento científico dos seus discípulos, e a crear institucións con recursos para que a investigación se puidese levar a cabo e ter continuidade.

Don Constantino, amais de bo, foi un home xeneroso. Eu diría que extraordinariamente xeneroso, que aparecía sempre desinteresadamente alí onde podía axudar ou onde podía solucionar un problema. Este espírito de xenerosidade tratouno de infundir sempre aos seus discípulos, aos que repetía a miúdo, «banca xenerosa, banca gananciosa». Gananciosa para todos, pero Galicia, a USC, a RAG o Centro Ramón Piñeiro, o Consello da Cultura Galega (do que foi vicepresidente durante máis de seis anos) e sobre todo os seus discípulos tivemos a sorte de gañar nesta banca xenerosa xestionada polo saber, a visión de futuro e a entrega de D. Constantino. Que descanse en paz. Entre nós seguirá presente o arrecendo da súa pipa.